



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA

En Ponteceso, no salón de Plenos da Casa do Concello, sendo ás 10 h do día 3 de abril de de 2018, previa a súa convocatoria, constitúese a mesa de contratación co obxecto de proceder á dación de conta do informe da traballadora social municipal sobre a xustificación da oferta presentada por Atendo Calidade, SL.

Preside o Sr. Alcalde titular D. Xosé Lois García Carballido. Asisten os vogais D. Emilio Caínzos Quintás, secretario accidental do Concello de Ponteceso; D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso; D. José Manuel Pose Verdes, concelleiro; D. Carlos Penedo Casmartiño, concelleiro. Actúa como secretaria D^a. Rosario Canosa Martínez, funcionaria do Concello de Ponteceso.

Na reunión celebrada o día 23-03-2018, a mesa acordou:

1º.- Remitir a oferta, e a xustificación presentada por ATENDO CALIDADE S.L. á Traballadora Social do Concello, para que emita informe sobre a xustificación aportada para acreditar, no seu caso, que a oferta presentada non é anormal ou desproporcionada, para que á vista do mesmo a mesa de contratación valore a súa admisión ou rexeitamento.

2º.- Publicar a acta no perfil do contratante, www.ponteceso.gal, para xeral coñecemento.

3º.- Convocar á mesa de contratación a unha nova reunión que se celebrará o día 02-04-2018, ás 10 horas, no Salón de Plenos do Concello.

Pola Alcaldía dáse conta que no día de onte, ao ter lugar unha reunión de alcaldes na Deputación Provincial á que foi preciso acudir acompañado polo concelleiro Sr. Penedo Casmartiño e polo secretario, non se puido celebrar a reunión convocada, polo que trasladouse a mesma ao día de hoxe, á mesma hora.

Procédese a dar lectura ao informe da traballadora social D^a. Cristina García Haz, de data 23 de marzo de 2018, no que conclúe. “Éme imposible pronunciarme en relación á viabilidade ou non da oferta presentada pola empresa Atendo Calidade, SL, xa que ao non facer referencia ao que lle custará prestar o servizo no Concello de Ponteceso non acredita se o ingreso previsto sería suficiente”.

Polo que mesa de contratación, despois de estudo da oferta presentada, da súa xustificación e do informe anterior, ao considerar insuficiente a xustificación presentada por Atendo Calidade S.L., ao non ter datos suficientes sobre o custe do servizo que permita establecer a diferenza entre os ingresos e os gastos, e así determinar a viabilidade da súa oferta, considerada desproporcionada ou temeraria, consonte ao establecido na cláusula 18 dos PCA e no artigo 85.4 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, acorda:

1º.- Requirir a ATENDO CALIDADE S.L. para que no prazo improrrogable de cinco días naturais presente a xustificación da súa oferta, que permita determinar a viabilidade da oferta presentada, determinada a partir da diferenza entre os ingresos e os gastos correspondentes á prestación do servizo. O requirimento efectuarase ao enderezo electrónico facilitado pola empresa e a súa contestación deberá ser presentada polo mesmo medio. No caso de non presentarse a xustificación, ou que sexa presentada fóra do prazo, ou a mesa considere insuficiente a presentada, excluírase do procedemento.

2º.- Publicar a acta no perfil do contratante, www.ponteceso.gal, para xeral coñecemento.

3º.- Convocar á mesa de contratación a unha nova reunión que se celebrará o día 09-04-2018, ás 10 horas, no Salón de Plenos do Concello.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

A presidencia remata a reunión ás 10.30 do día sinalado e redáctase a acta que asinan todos os membros da mesa.

Pola mesa de contratación,